

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO DA RÍA DE MUROS-NOIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VALORIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS NO XEODESTINO RÍA DE MUROS-NOIA

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra, Maria Teresa Villaverde Pais, con NIF 76 517 422-X presidenta da Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia, con domicilio social en rúa Frei Lois Rodríguez, 9 baixo, concello de Noia, A Coruña, e en virtude das facultades que lle outorga o artigo 11 dos Estatutos da Asociación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.


Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- Que a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia constituída no ano 2015, é a única asociación que representa á totalidade dos concellos que integran o xeodestino turístico nº 13 Ría de Muros-Noia


No artigo 1 dos estatutos establécese que a asociación ten como finalidade a promoción e desenvolvemento da actividade turística no conxunto do territorio representado.

Entre os fins principais da asociación, mencionados no artigo 5 dos estatutos destacan:

- Promover o desenvolvemento , a modernización e a adaptación ao mercado e ás innovacións tecnolóxicas das empresas e servizos turísticos da zona
- Fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona
- Mellorar, complementar e aumentar a oferta turística existente na zona, sempre baixo un criterio de calidade e sustentabilidade
- Potenciar, revalorizar, e preservar os recursos naturais e culturais da zona



Terceiro.- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade régulanse na devandita lei os xeodestinos.



A lei define como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas,



sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Dentro dos catorce xeodestinos nos que se dividiu o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia encóntrase o xeodestino número 13 “Ría de Muros-Noia” integrado polos concellos de Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son.

Terceiro.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo na Ría de Muros- Noia contribúen á potenciación deste xeodestino e dá continuidade á colaboración establecida a través do Plan de Dinamización Turística para a comarca de Muros-Noia establecendo agora un conxunto de accións que afectan á totalidade do territorio do xeodestino, para desta forma potenciar un destino xa moi definido no ámbito turístico.

Asemade procurárase que as accións desenvolvidas a través deste convenio, contribúan á sensibilización tanto dos visitantes como dos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor os recursos naturais, culturais e enogastronómicos que teñen unha clara proxección turística co correspondente beneficio económico para a zona.

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia para a realización de actividades de promoción turística do xeodestino Ría de Muros-Noia a través da realización das seguintes accións:

- 1. Creación do Pase de Museos da Ría de Muros-Noia**
Proxecto de creación do produto de sendeirismo da Ría de Muros Noia: Trátase da creación dun pase de visitas para selar en cada museo, equipamento cultural e/ou actividades culturais promovidas polos concellos e arzobispado. A realización de alomenos unha visita en cada concello conleva a obtención dun diploma e ocasionalmente algún tipo de agasallo.
- 2. Creación do produto de sendeirismo da Ría de Muros-Noia.** Esta acción inclúe:
-Selección de Rutas a integrar nunha rede do Xeodestino.




-Estudo do estado de mantemento e necesidades de adecuación e sinalización das rutas.

-Negociación con clubs de sendeirismo e BTT para establecer un sistema de diagnóstico anual do mantemento das rutas.

-Propostas de márketing das rutas.

-Sistema de xestión da rede de rutas.

3. **Creación do produto de turismo industrial da Ría de Muros Noia:** creación dun produto turístico con forte arraigo na cultura local integrando: salazóns, conserveiras, carpinterías de Ribeira, Minas de wolframio e outras factorías costeiras. O produto consistirá en dous itinerarios mixtos (por mar e por terra) con distintas opcións de configuración: vehículo, a pe e, sobre todo, en barco.
4. **Reedición de 10.000 unidades do catálogo de actividades en destino (Hospitality):** A partir da excelente acollida que tivo a edición do catálogo Hospitality 2016 entre os usuarios e, sobre todo, a capacidade de dinamización de certas actividades e servizos na ría pretendemos que o catálogo estea dispoñible en todas as habitacións e apartamentos da Ría de Muros-Noia no verán de 2017.
5. **Arquivo fotográfico experiencial:** realización dunha serie de fotografías acordes co posicionamento proposto dende o Plan Estratéxico. Precísase polo tanto fotografía experiencial, polo cal se procederá á contratación dun arquivo de fotografía con figurantes.
6. **Reedición de materiais promocionais:** actualización dos materiais editados en 2016 e reedición dos mesmos.
7. **Distribución dos materiais promocionais:** distribución dos materiais entre 100 puntos (establecementos, oficinas de turismo e concellos)
8. **Proxecto de creación do Centro BTT da Ría de Muros-Noia:** a partir do deseño de rutas elaborado o ano 2016, propónse a concreción dun Centro BTT conforme ás especificacións da Axencia Turismo de Galicia.
9. **Deseño do programa trianual de formación da Ría de Muros-Noia:** deseño dun plan trianual estable de formación ao sector privado e informadores públicos que complemente á "Escola itinerante" do CSHG.





10. Asistencia a feiras: propónse a produción dun Stand e a asistencia a dúas feiras no ano 2017.

-Turexpo Galicia

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a corenta e oito mil euros (48.000,00 €), dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 corenta mil euros (40.000,00 €), con cargo á aplicación 04A2.761A.760.3 na que existe crédito adecuado e suficiente, e que se aplicarán para o pago dos gastos que se relacionan no anexo I.

A Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia achegará a cantidade restante do contrato (8.000,00 €) habilitando a partida orzamentaria correspondente e que se dedicarán ao financiamento da acción previstas nos puntos 8,9 e 10 da cláusula primeira.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% (20.000 €) do importe que se obriga a aportar a Axencia Turismo de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non serán superiores ao 80% (32.000,00€) do importe que se achega pola Axencia Turismo de Galicia.

Para proceder ao seu pagamento, a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia deberá enviar a documentación relacionada na cláusula quinta referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificadas servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Para a realización dos pagamentos a conta e anticipados, a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia terá que constituír unha garantía que deberá cubrir o 110% do importe pagado como anticipo ou a conta.



Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de corenta mil euros (40.000,00 €), que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 04A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do presente exercicio.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha zona que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, cunha alta proxección turística baseada no patrimonio natural. Estas accións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Cuarta.- Compromisos da Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera



Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

- En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistro públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno a, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.



Quinta.- Xustificación dos investimentos

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, para o que a Asociación deberá presentar:

- Informe ou memoria global sobre as actividades realizadas.
- Certificación detallada dos gastos expedida pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para que foi concedida, na que se consignarán os importes executados e a relación de facturas correspondentes así coma o cumprimento do compromiso de recoñecemento de obriga ou pagamento no seu caso.
- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.
- Facturas, orixinais ou copias compulsadas, correspondentes á execución das actividades obxecto do convenio.
- Transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, orixinal ou copia compulsada, correspondentes á execución do obxecto do convenio.
- No caso de ser financiadas as actividades, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co disposto no artigo 28.6 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia consideraranse gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

3. O prazo para xustificar por parte da Asociación a aplicación dos fondos percibidos remata o 30 de novembro de 2017. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a

Asociación deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.


Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sexta.- Garantía de pagamento

1. O prazo máximo para a realización do pago comprometido, queda fixado no día 31 de decembro de 2017.
2. O prazo para a reclamación por parte da Asociación en caso de incumplimento do pago comprometido pola Axencia de Turismo de Galicia, queda fixado nun período máximo de 10 días dende a finalización dos prazos establecidos no punto anterior.


Sétima.- Comisión de seguimento.



Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio. A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Oitava- Vixencia do convenio



Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2017. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as

actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017. A Asociación de desenvolvemento rural da Ría Muros-Noia as como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

Novena.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décima.- xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do artigo 4º.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

Undécima.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubricano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

Pola Xunta de Galicia

A directora de Turismo de Galicia



Mª Nava Castro Domínguez

Pola Asociación Rural de Desenvolvemento da
Ría Muros-Noia

A presidenta



Maria Teresa Villaverde Pais



ANEXO I

ACCIÓNS	ORZAMENTO
1. Creación do Pase de Museos da Ría de Muros-Noia	5.590,00 €
2. Proxecto de creación do produto de sendeirismo da Ría de Muros Noia	3.913,00 €
3. Creación do produto de turismo industrial da Ría de Muros Noia	7.790,00 €
4. Reedición de 10.000 unidades do catálogo de actividades en destino (Hospitality)	7.476,00 €
5. Arquivo fotográfico experiencial	4.500,00 €
7- Reedición de materiais promocionais	9.351,00 €
8- Distribución dos materiais promocionais	1.380,00 €
TOTAL APORTACIÓN AGENCIA TURISMO DE GALICIA	40.000,00 €
Proxecto de sinalización das rutas BTT da Ría de Muros-Noia	2.541,00 €
Deseño do programa trianual de formación da Ría de Muros-Noia	1.400,00 €
Asistencia a Feiras	4.059,00 €
Total aportación ARD Ría	8.000,00 €
TOTAL CONVENIO	48.000,00 €